



**ACTA DA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA A VALORACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE MELIDE MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA (OBRA OU SERVIZO DETERMINADO).**

En Melide, a 13 de outubro de 2020, sendo as 09.00 horas, reúnense baixo a presidencia de D. Antonio Mosquera Rodríguez os seguintes integrantes da comisión seleccionadora que se constitúe para valorar os méritos dos aspirantes para a provisión con carácter laboral temporal por concurso-oposición dunha **PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PARA O DEPARTAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS DO CONCELLO DE MELIDE modalidade de contrato de DURACIÓN DETERMINADA (OBRA OU SERVIZO DETERMINADO).**

**Presidente:** Antonio Mosquera Rodríguez.  
**Secretario:** M<sup>a</sup> José Enjamio Vázquez  
**Vogais:** José Luis Cordido Vázquez  
M<sup>a</sup> José Rodríguez Gómez  
Joaquín Vázquez Rodríguez



O presidente declara constituída a comisión seleccionadora e aberto o acto acórdase proceder á,

**REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO QUE CONSISTE NUN EXAMEN, TIPO TEST, DONDE CADA PREGUNTA PUNTUOUSE CON 0,50 SOBRE UN MAXIMO DE 18 PUNTOS E MÍNIMO DE 9 PARA OBTEN CALIFICACIÓN DE APTO. ANEXASE O EXAME O PRESENTE DOCUMENTO XUNTO COAS RESPOSTAS.**

NOME	PUNTUACIÓN
1. MARIA DEL MAR NOVO VEIGA	NON PRESENTADA
2. CRISTINA CORRAL EXPÓSITO	7,00-NON APTA
3. LAURA VÁZQUEZ FREIRE	NON PRESENTADA
4. MARÍA VICTORIA SALGADO LÓPEZ	NON PRESENTADA
5. M <sup>a</sup> ZULIMA ENGELMO MORALEJO	6,00 – NON APTA
6. MARÍA EVA VÁZQUEZ RUBÍN	<b>9,00</b>
7. MARÍA JOSÉ SÁNCHEZ GONZÁLEZ	NON PRESENTADA
8. IRIS SEOANE CASTILLEJO	NON PRESENTADA
9. ANTONIO DE CASTRO FRAGA	NON PRESENTADO
10. CRISTINA RODRÍGUZ VARELA	7,00 – NON APTA
11. MANUEL GARCÍA LÓPEZ	<b>11,50</b>
12. MARÍA CARMEN GARCÍA POSE	NON PRESENTADA
13. MIGUEL RODRÍGUEZ CABAÑA	NON PRESENTADO
14. NEREA GARCÍA MOSQUERA	7,00- NON APTA

*(Handwritten signatures and marks)*



15. SUSANA MIGUÉNS REFOJO	NON PRESENTADA
16. ANA BELÉN SÁEZ LÓPEZ	NON PRESENTADA
17. RAQUEL GARCÍA SERTO	NON PRESENTADA
18. PATRICIA NAVEIRA DOMÍNGUEZ	NON PRESENTADA
19. NOELIA VARELA MONTERROSO	5,50 – NON APTA
20. CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ SEGADE	6,50 – NON APTA
21. MARÍA JOSÉ MILLARES LÓPEZ	NON PRESENTADA
22. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ RAMOS	NON PRESENTADO
<b>23. MARGARITA PORTELA BARREIRO</b>	<b>9,00</b>
<b>24. CLARA CARMUEGA RIVAS</b>	<b>10,50</b>
25. MARIA DEL CARMEN PARDO PRIETO	NON PRESENTADA
26. SERGIO MONTERROSO GÓMEZ	NON PRESENTADO
27. PAULA MEIJOME CARRIL	8,50-NON APTA
28. VERÓNICA CONDE RÚA	8,00- NON APTA
<b>29. SORAYA BLANCO RODRÍGUEZ</b>	<b>13,50</b>
<b>30. FÁTIMA AMBOAGE SANTOS</b>	<b>11,50</b>
31. MACARENA PAZ CARNEIRO	NON PRESENTADA
<b>32. BEATRIZ SESAR CARBAJALES</b>	<b>9,00</b>
33. IGNACIO SOUTO TABOADA	NON PRESENTADO
34. XOSÉ MANUEL QUIÑOY RODRÍGUEZ	6,50-NON APTO
35. MIGUEL ÁNGEL MATEOS CARREIRA	NON PRESENTADO
36. AROA GARCÍA SIMÓN	NON PRESENTADA
37. ADRIÁN BRAVO VARELA	NON PRESENTADO
38. MÓNICA PÉREZ VALLE	5,50-NON APTO
<b>39. LAURA LÓPEZ PARDO</b>	<b>11,50</b>

Convócase á comisión seleccionadora e aos aspirantes que superaron o 1º exercicio da fase de oposición para a realización do 2º exercicio o xoves día 15 ás 11.00 h no Edificio Multiusos do Concello de Melide, sito na Praza das Universidades s/n.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado o acto, dispoñendo o presidente que se redacte a presente acta que asinan os membros da comisión seleccionadora sendo as 18.35 h, do que eu, SECRETARIA, certifico.

Melide, 13 de outubro do 2020  
A comisión seleccionadora.



**ANEXO A ACTA DA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA A VALORACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE MELIDE MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA (OBRA OU SERVIZO DETERMINADO).**

**PLANTILLA DO EXAMEN PARA A PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE MELIDE**

Nome e apelidos:	
Dni:	

**1. Que título da Constitución española está adicado á organización territorial do Estado?**

- a) Título VI
- b) Título VIII
- c) Título IX
- d) Non se regula na Constitución española

**2. A forma política do Estado español é?**

- a) Monarquía absoluta
- b) República federal
- c) Monarquía federal
- d) Monarquía parlamentaria

**3. Que artigo da Constitución española establece a autonomía de xestión dos intereses do municipio?**

- a) Artigo 138
- b) Artigo 136
- c) Artigo 139
- d) Artigo 137

**4. O Estatuto de autonomía de Galicia foi aprobado por?**

- a) Decreto da Xunta de Galicia 7/1981
- b) Real decreto lexistativo 1/1980
- c) Lei orgánica 1/1981
- d) Lei 7/1985

**5. Cantas disposicións transitorias ten o Estatuto de Galicia?**

- a) Cinco
- b) Sete
- c) Oito
- d) Seis

**6. Como se estrutura o Estatuto da Comunidade Autónoma de Galicia?**

- a) Un título preliminar, catro títulos e disposicións transitorias.
- b) Un título preliminar, catro títulos e disposicións adicionais.
- c) Un título preliminar, catro títulos, disposicións adicionais e disposicións transitorias.
- d) Un título preliminar, cinco títulos, disposicións adicionais e disposicións transitorias.

**7. A quen corresponde a resolución de discrepancias entre os concellos en materia de empadramento?**

- a) Ao presidente do Consello de Empadramento da comunidade autónoma
- b) Ao presidente do Instituto Nacional de Estadística
- c) Ao Ministerio de Administracións Públicas
- d) Ao delegado do goberno da comunidade autónoma

**8. En que data se constitúen as corporacións locais?**

- a) No vixésimo día posterior á celebración das eleccións se non se presentou recurso contencioso electoral, en cuxo caso constituiranse o cadraxésimo día posterior.
- b) Ao día seguinte o da celebración das eleccións.
- c) Ao décimo día seguinte o da convocatoria das eleccións.
- d) Cando decidan as xuntas electorais de zona.

ANN

*[Handwritten signature]*



**9. Mediante o rescate dunha concesión administrativa, segundo o regulamento de servizos das corporacións locais:**

- a) A Administración é o concesionario acordan reducir o prazo pactado inicialmente para a xestión do servizo.
- b) A Administración rescata do servizo unicamente para xestionalo por si mesma.
- c) A Administración está obrigada a indemnizar o concesionario.
- d) Todas as respostas son correctas.

**10. Cal das seguintes competencias non pode ser exercidas polos concellos?**

- a) A autoridade reguladora
- b) A potestade sancionadora
- c) O poder de expropiación
- d) Poder legislativo

**11. O municipio resultante dunha fusión non poderá segregarse ata que transcorran desde a adopción do convenio da fusión:**

- a) Cinco anos
- b) Dez anos
- c) Quince anos
- d) Vinte anos

**12. Son elementos de municipio segundo a Lei de bases de réxime local:**

- a) O territorio, a poboación é a organización.
- b) O termo municipal, a poboación é a organización.
- c) O territorio, os vecinos é a organización.
- d) Ningunha é correcta.

**13. Cal das seguintes materias require acordo por maioría simple:**

- a) Aprobación de delimitación do termo municipal.
- b) Cesión por calquera título de aproveitamento de bens comunais.
- c) Alteración da calificación xurídica dos bens demaniais ou comunais.
- d) Ningunha se adopta por maioría simple.

**14. Cal dos seguintes non se considera entidade territorial local segundo o artigo 2 da Lei 7/1985 do 2 de abril?**

- a) O concello
- b) A provincia
- c) A illa
- d) Áreas metropolitanas

**15. Con que frecuencia o pleno dun concello celebra polo menos unha sesión ordinaria cuxo municipio ten unha poboación de entre 5.001 é 20.000 habitantes?**

- a) Unha vez ao mes
- b) Unha vez cada quince días
- c) Unha vez cada dous meses
- d) Dúas veces ao mes

**16. Quen cesa o persoal eventual?**

- a) O mesmo órgano que o nomeou.
- b) A administración competente en materia de persoal.
- c) O comité de persoal.
- d) Ningunha das tres é correcta.

**17. O persoal de elección ou de designación política pode formar parte dun órgano de selección de persoal?**

- a) Nunca
- b) Depende do proceso selectivo
- c) Só na elección do persoal laboral
- d) A b e c son correctas

**18. De acordo coa Lei de bases de réxime local, o persoal ao servizo das entidades locais estará integrado por:**

- a) Funcionarios de carreira é contratados en réxime de dereito laboral.
- b) Funcionarios de carreira é persoal eventual.
- c) Funcionarios de carreira, contratados en réxime de dereito laboral e persoal eventual.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

Ann [Signature]

**19. O persoal que en virtude de nomeamento legal ocupa provisionalmente, por necesidade ou urxencia, postos de traballo vacantes que corresponden a prazas de funcionarios ou en substitución destes son:**

- a) Funcionarios de carreira.
- b) Funcionarios interinos.
- c) Funcionarios eventuais.
- d) Persoal laboral temporal.

**20. A oferta de emprego público dunha corporación local nun municipio de réxime ordinario:**

- a) Apróbese anualmente xunto ao orzamento municipal.
- b) Apróbese polo alcalde da corporación
- c) Apróbese xunto coa relación de postos de traballo
- d) Todas son correctas

**21. Cantos grupos de persoal se contemplan na Lei 2/2015 de emprego público de Galicia?**

- a) Tres
- b) Cinco
- c) Dous
- d) Catro

**22. Son funcións públicas necesarias, en todas as corporacións públicas locais:**

- a) A secretaría comprensiva da fé pública e do asesoramento legal preceptivo.
- b) O control e fiscalización interna da xestión económico/financeira e orzamentaria, e a contabilidade, tesourería é recadación.
- c) As respostas a e b son correctas.
- d) Só e correcta a b.

**23. O procedemento común das administracións públicas régúlase en:**

- a) Lei 39/2015 do 1 de outubro
- b) Lei 30/1992 do 26 de novembro
- c) Lei 29/1998 do 13 de xullo
- d) As tres respostas son incorrectas

**24. Sinalada a resposta incorrecta. Os actos administrativos serán obxecto de publicación:**

- a) Cando establezan as normas reguladoras de cada procedemento.
- b) Cando o aconsellen razóns de interese público apreciadas polo órgano competente.
- c) Cando o acto teña por destinatario a unha pluralidade indeterminada de persoas.
- d) Sempre

**25. As adjudicacións de contratos do sector público en favor de persoas que carezan da capacidade de obrar ou de solvencia:**

- a) Só serán nulas as que se realicen a un empresario incapaz.
- b) Serán nulas de pleno dereito.
- c) Serán anulables
- d) Serán convalidables cando se subroge a outro contratista.

**26. Durante cantos días se expón ao público, para a súa aprobación, a conta xeral do orzamento municipal:**

- a) Quince días e oito máis.
- b) Quince días naturais
- c) Un mes
- d) Trinta días hábiles

**27. Cal destas normas regulan as facendas locais:**

- a) Lei 30/1984 do 2 de agosto
- b) Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo
- c) Real decreto 1174/1987 do 18 de setembro
- d) Todas son incorrectas

**28. A execución dos créditos consignados no orzamento de gastos das entidades locais efectuarase conforme o establecido:**

- a) Texto refundido da Lei de facenda local.
- b) De acordo coas bases de execución do orzamento
- c) De acordo co establecido na Lei de presupostos xerais do Estado
- d) As respostas a e b son correctas



**29. Indique cal dos seguintes ingresos non é de dereito privado:**

- a) Ingresos de capital
- b) Contribucións especiais
- c) Taxa de concesión
- d) As derivadas de venda de enerxía eléctrica.

**30. O imposto de bens inmobles é de esixencia obrigatoria para os concellos:**

- a) Só para os que sexan capital de provincia
- b) Para que aqueles que así o acorde o pleno municipal por maioría absoluta dos seus membros.
- c) Sempre é obrigatorio.
- d) Cando así o acorde a comunidade autónoma corresponde.

**31. Como poden identificarse electronicamente os interesados ante as administración públicas:**

- a) A través de sistemas electrónicos baseados en certificado de usuario público.
- b) A través de calquera sistema que conte cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade.
- c) A través de calquera medio que conte cun rexistro como usuario que permita garantir a súa personalidade física.
- d) A través de sistemas baseados en certificados electrónicos cun rexistro previo como usuario electrónico ben sexa persoa física ou xurídica.

**32. Prestacións básicas do plan concertado:**

- a) Información e orientación, aloxamento alternativo, apoio á unidade de convivencia e axuda no fogar, actuacións específicas de prevención e inserción social e actuacións destinadas ao fomento da solidariedade: cooperación social.
- b) Información e orientación, aloxamento alternativo, apoio á unidade de convivencia e axuda no fogar, actuacións destinadas ao fomento da solidariedade: cooperación social.
- c) As dúas son correctas
- d) Ningunha é correcta

**33. O concepto de servizos sociais comunitarios aparece definido por primeira vez en:**

- a) Decreto 11/1992 do 28 de xaneiro
- b) Lei 4/1988 do 4 de abril
- c) Decreto 49/1986 do 5 de marzo
- d) Lei 9/2016 do 27 de decembro

**34. Que tipo de apoio administrativo deberá realizar o auxiliar de servizos sociais:**

- a) Abrir historial social
- b) Cubrir a ficha de primeira atención
- c) Elaborar informes sociais
- d) Ir ás visitas domiciliarias

**35. Os elementos que interveñen na avaliación de servizos sociais son:**

- a) Facilitar o proceso de toma de decisión.
- b) Facer da práctica materia de estudo ou fonte de teoría
- c) Medir o grao de idoneidade e eficacia
- d) Identificación dos factores que inflúen nos resultados.

**36. Sinalada a opción correcta:**

- a) O servizo de axuda no fogar (SAF) é un servizo público de carácter local consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual.
- b) O servizo de axuda no fogar (SAF) é un servizo público de carácter autonómico consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual.
- c) As dúas son correctas
- d) Ningunha é correcta

**PREGUNTAS RESERVA**

**1. Debería notificarse un acto de trámite?**

- a) Só se hai causa de forza maior
- b) Si, en calquera caso
- c) Non
- d) Só se o solicita o interesado

ANN MEJÓI PEE



**2. Cantos artigos ten a vixente constitución española?**

- a) 159
- b) 168
- c) 169
- d) 171

**3. A comisión especial de contas e de existencia obrigatoria en todos os concellos?**

- a) Nos de máis de 5.000 habitantes
- b) En todos
- c) Nos de capital de provincia
- d) Todas son incorrectas

**RESPOSTAS DO EXAMEN PARA A PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE MELIDE**

PREGUNTA	RESPOSTA
1	B
2	D
3	D
4	C
5	B
6	D
7	B
8	A
9	C
10	D
11	B
12	A
13	D
14	D
15	C
16	A
17	A
18	C
19	B
20	B
21	A

PREGUNTA	RESPOSTA
22	C
23	A
24	D
25	B
26	A
27	B
28	D
29	B
30	C
31	B
32	A
33	C
34	B
35	D
36	A
PREGUNTAS RESERVA	
1	C
2	C
3	B

Melide, 13 de outubro de 2020

O Tribunal,

Handwritten signatures in blue ink, including the name 'Ann' and a small number '7' at the bottom right.